



## CAMPIONATO TERRITORIAL

### PRIMEIRA DIVISIÓN AUTONÓMICA FEMININA

#### FÓRMULA E DATAS DE COMPETICIÓN

Os trece (13) equipos participantes xogarán baixo o sistema de liga, todos contra todos a dobre volta, nunha soa Fase Regular.

#### DATAS DE CELEBRACIÓN

A Competición desenvolverase entre os días 23 de setembro de 2018 e 7 de abril de 2019.

#### EQUIPOS CLASIFICADOS PARA FASE ESTATAL

Accederá á Segunda Fase ou Fase Estatal do Campionato Estatal de Primeira División Feminina o equipo primeiro clasificado do Campionato Territorial. Así mesmo, accederá o equipo segundo clasificado do Campionato Territorial, sempre e cando a Federación Galega conte polo menos con doce (12) equipos Senior Femininos, competindo nas diferentes Competicións Estatais e Territoriais, excluindo en calquera caso os catro (4) equipos mínimos esixidos para o desenvolvemento da Fase Territorial deste Campionato.

O/Os equipo/s clasificados para disputar a Fase Estatal deberán ingresar a cantidade de **DOUSCENTOS** euros (200.- euros) na conta da Real Federación Española de Balonmán dentro da semana seguinte a data de finalización da Fase Territorial, seguindo co aprobado na Asemblea Xeral da RFEBM.

#### PARTICIPACIÓN NA COMPETICIÓN DE 1ª AUTONÓMICA NA TEMPADA 2019/20

Os seis primeiros equipos clasificados no Campionato Territorial de 1ª Autonómica Feminina da tempada 2018/19 adquiren o dereito a participar nesta categoría na tempada 2019/2019, sempre e cando haxa mais de catorce (14) equipos inscritos nas competicións senior feminina.

#### SEGUNDO TORNEO OFICIAL

Unha vez finalizada a Fase Territorial do Campionato de 1ª Autonómica Feminina os equipos, **de forma obrigatoria**, disputarán un segundo torneo oficial.



## **DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIAS**

Estas Normas específicas do Campionato de Primeira División Autonómica Feminina - Fase Territorial do Campionato Estatal de Primeira División -, complementáanse co desenvolvido no Título 2 do NO.RE.BA. Galicia - , en todos os aspectos alí recollidos e que non son modificados polas Bases específicas. Así mesmo, as devanditas normas complementáanse co establecido nos Regulamentos e Estatutos vixentes da Real Federación Española de Balonmán.